



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

MESTRADO EN ASISTENCIA E INVESTIGACIÓN SANITARIA

ESPECIALIDADE DE INVESTIGACIÓN CLÍNICA

Curso académico 2016-2017

TRABALLO FIN DE MESTRADO

**Grao de satisfacción percibido polas usuarias
e os seus acompañantes do Programa de
Educación Maternal na área sanitaria da
provincia de Lugo**

Belén López Folgueiras

27 de xullo de 2017

DIRECTORA

Dra. María Jesús Movilla Fernández

CONTIDO

1. ÍNDICE DE ACRÓNIMOS.....	6
2. RESUMO / RESUMEN / ABSTRACT	7
2.1. Resumo	7
2.2. Resumen	8
2.3. Abstract.....	9
3. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA	10
3.1. Comezos da educación maternal	10
3.2. Beneficios que proporciona a educación maternal	11
3.3. Situación actual e compoñentes do programa de educación maternal na provincia de Lugo	12
4. XUSTIFICACIÓN	20
5. HIPÓTESE.....	21
6. OBXECTIVOS	21
6.1. Obxectivo xeral	21
6.2. Obxectivos específicos	21
7. METODOLOXÍA	22
7.1. Estratexia de busca bibliográfica	22
7.2. Ámbito de estudo	22
7.3. Período de estudo	22
7.4. Tipo de estudo	22
7.5. Criterios de inclusión e exclusión.....	22
7.6. Selección da mostra	23
7.7. Tamaño mostral.....	23
7.8. Descrición do estudo	24
7.9. Medicións.....	24

7.9.1. Variables sociodemográficas	24
7.9.2. Variables que avalían o programa de educación maternal	25
7.9.3. Variables que avalían a aprendizaxe que se logra co programa	25
7.9.4. Variables que avalían a satisfacción percibida.....	26
7.10. Análise estatística	26
7.10.1. Análise descritiva	26
7.10.2. Análise da satisfacción.....	26
7.11. Limitacións do estudo	27
7.11.1. Sesgos de selección	27
7.11.2. Sesgos de información.....	27
7.11.3. Sesgos de confusión	28
8. ASPECTOS ÉTICOS E LEGAIS.....	28
9. APLICABILIDADE.....	29
10. PLAN DE TRABALLO	30
11. PLAN DE DIFUSIÓN DE RESULTADOS	31
12. FINANCIAMENTO	31
12.1. Recursos necesarios	31
12.1.1. Infraestrutura.....	31
12.1.2. Recursos humanos	31
12.1.3. Material funxible e inventariable.....	31
12.1.4. Difusión de resultados.....	32
12.2. Custo económico	32
12.3. Fontes de financiamento.....	32
13. BIBLIOGRAFÍA	35

14.	ANEXOS	38
14.1.	ANEXO I. Estratexia de busca bibliográfica.....	38
14.2.	ANEXO II. Folla de información ao/á participante.....	39
14.3.	ANEXO III. Consentimento informado	41
14.4.	ANEXO IV. Consentimento Comité Ético de Galicia.....	42
14.5.	ANEXO V. Carta de presentación do proxecto á Dirección dos centros de saúde.....	43
14.6.	ANEXO VI. Ficha de recollida de datos. Cuestionario <i>EDUMA2</i> .	44

ÍNDICE DE ILUSTRACIÓNS

Ilustración 1.	Estrutura Organizativa da Xerencia de Xestión Integrada (EOXI) de Lugo, Cervo e Monforte.....	12
Ilustración 2.	Localización dos concellos da provincia de Lugo que posúen matrona.....	16
Ilustración 3.	Fluxograma do proceso xeral.....	19

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa I.	Capacitación de persoal sanitario da provincia de Lugo desagregado por especialización e concellos.....	14
Táboa II.	Informe de estatísticas territoriais.....	17
Táboa III.	Tamaño mostral.....	23
Táboa IV.	Plan de traballo.....	30
Táboa V.	Revistas candidatas e factor de impacto.....	33
Táboa VI.	Congresos e xornadas candidatos.....	33
Táboa VII.	Orzamento.....	34
Táboa VIII.	Fontes de financiamento.....	34

1. ÍNDICE DE ACRÓNIMOS

CAEIG - Comité Autonómico de Ética de Investigación de Galicia

CS - Centro de Saúde

EM - Educación Maternal

FAME - Federación de Asociaciones de Matronas de España

FI - Factor de Impacto

INE- Instituto Nacional de Estadística

ISCIII - Instituto de Salud Carlos III

JCR - Journal Citation Report

LOPD - Lei Orgánica de Protección de Datos

MeSH - Medical Subject Heading

OMS - Organización Mundial da Saúde

SERGAS - Servizo Galego de Saúde

2. RESUMO / RESUMEN / ABSTRACT

2.1. Resumo

Introdución: o programa de Educación Maternal (EM) constitúe un ámbito educativo onde se pretenden xerar motivacións, hábitos e comportamentos saudables para facilitar o proceso de xestación, nacemento e crianza. Porén, aínda que a avaliación é unha estratexia necesaria para garantir as prestacións sanitarias en Atención Primaria, nos últimos anos non se realizaron estudos xerais de avaliación desta práctica docente.

Obxectivo: analizar a satisfacción percibida polas xestantes e os seus acompañantes en relación co contido das sesións do terceiro trimestre do Programa de Educación Maternal e a súa utilidade respecto ao proceso de embarazo, parto e crianza.

Metodoloxía: estudo observacional, descritivo e transversal realizado na área sanitaria da provincia de Lugo. Medirase cuantitativamente a satisfacción percibida a través do cuestionario *EDUMA2*. Efectuarase unha análise estatística co programa R Commander. As consideracións éticas establecéronse segundo a lexislación vixente.

Palabras clave: educación maternal, satisfacción do paciente, matronas, atención primaria de saúde.

2.2. Resumen

Introducción: el programa de Educación Maternal (EM) constituye un ámbito educativo donde se pretende generar motivaciones, hábitos y comportamientos saludables para facilitar el proceso de gestación, nacimiento y crianza. Sin embargo, aunque la evaluación es una estrategia necesaria para garantizar las prestaciones sanitarias en Atención Primaria, en los últimos años no se han realizado estudios generales de evaluación de esta práctica docente.

Objetivo: analizar la satisfacción percibida por las gestantes y sus acompañantes en relación con el contenido de las sesiones del tercer trimestre del Programa de Educación Maternal y su utilidad respecto al proceso de embarazo, parto y crianza.

Metodología: estudio observacional, descriptivo y transversal realizado en el área sanitaria de la provincia de Lugo. Se medirá cuantitativamente la satisfacción percibida a través del cuestionario *EDUMA2*. Se efectuará un análisis estadístico con el programa R Commander. Las consideraciones éticas se establecieron según la legislación vigente.

Palabras clave: educación maternal, satisfacción del paciente, matronas, atención primaria de salud.

2.3. Abstract

Introduction: the Maternal Education (EM) program is an educational area where it aims to generate healthy motivations, habits and behaviors to facilitate the gestation, birth and upbringing process. However, although evaluation is a necessary strategy to guarantee health care in Primary Care, in the last years there have been no general evaluation studies of this teaching practice.

Objective: to analyze the satisfaction of pregnant women and their partners regarding the content and level of usefulness of Maternal Education in order to improve the process of pregnancy and childbirth.

Methodology: transversal descriptive study carried out in the Health Area of the province of Lugo. The perceived satisfaction will be measured quantitatively through the *EDUMA2* questionnaire. A statistical analysis will be performed with the R Commander program. Ethical considerations were established according to the current legislation.

Keywords: Prenatal education, patient satisfaction, midwifery, primary care.

3. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA

A Organización Mundial da Saúde (OMS) recomenda seguir unha pauta de atención para a asistencia ao parto de forma máis humanizada, non medicalizada, nin intervencionista, respectando os dereitos da muller (1). Neste sentido, e en España, desde o ano 2007, o Ministerio de Sanidade para cumprir coas recomendacións da OMS puxo en marcha unha estratexia para fomentar a atención ao parto de baixa intervención (2). A esta iniciativa fóronselle sumando distintas comunidades autónomas, nas que se foron desenvolvendo plans para a atención ao parto de baixa intervención (3,4,5). Ante este novo contexto, as sociedades científicas de España elaboraron guías de actuación baseándose na evidencia científica dispoñible (6).

3.1. Comezos da educación maternal

A principios do século XX apareceron os primeiros programas de educación para a saúde dirixidos a embarazadas co obxectivo de diminuír a dor e mellorar a vivencia do parto no hospital (7).

A orixe da educación maternal, tal e como é coñecida hoxe en día, podémola situar en España no ano 1908, cando a Cruz Vermella ofrecía clases sobre o coidado da nai e o seu bebé como parte dos cursos de saúde no fogar (8).

O tocólogo inglés Grantly Dick Read, comeza a estudar desde 1919 a fisioloxía do parto, e foi o primeiro que apuntou que a dor é un produto de impulsos nerviosos e non fisiolóxicos, expresando que ningunha lei natural pode xustificar a dor no parto e explica a orixe da dor coa relación de medo-tensión-dor. Para iso propugna, por unha parte, eliminar o medo ou temor coa confianza e o coñecemento; e por outra, eliminar a tensión intentando controlala coa respiración e os exercicios musculares (9).

No ano 1920 aproximadamente, Velvoski, Platonov, Ploticher e Smugon conclúen que a dor é unha reacción condicionada por dous tipos de

estímulos, os sociolóxicos e os relixioso-culturais. Desta maneira, habería que buscar determinadas técnicas que descondicionarían e que tratarían de dissociar o medo ao parto das contraccións e ofrecer conxuntamente información fisiolóxica e obstétrica (9).

En 1952, Lamaze (10) en Francia pretende, mediante unha información adecuada, eliminar medos e supersticións; trátase dunha preparación intelectual, física e psíquica. Este método permítelle á muller colaborar activamente no parto e bríndalles aos pais a oportunidade de participar en sesións de preparación.

No ano 1956, Aguirre de Cárcer introduce o concepto de psicoprofilaxe obstétrica en España, sistematizando así a educación maternal. O seu principal obxectivo era que a muller chegase psicoloxicamente madura ao parto. O obstetra Leboyer introduce en 1975 o concepto de nacemento non violento (11) e o neonatólogo Caldero Barciá introduciu no ano 1980 o concepto de parto humanizado (baseado en aspectos psicolóxicos como a educación e o adestramento de ambos proxenitores, así como a importancia de preparar o grupo familiar para o momento do parto e nacemento). É no Primeiro Congreso Nacional de Matronas, celebrado en Madrid no ano 1955, cando Ruiz Vélez-Frías presenta o primeiro libro publicado en español *El parto sin dolor* e catro anos despois, o Seguro Obrigatorio de Enfermidade, recomenda unha preparación ao parto denominada «Educación Maternal». En España, estes programas incluíronse na carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde no ano 1983 (12).

3.2. Beneficios que proporciona a educación maternal

O programa de educación maternal constitúe un ámbito educativo onde se pretenden xerar motivacións, hábitos e comportamentos saudables para facilitar o proceso de xestación, nacemento e crianza.

A humanización da asistencia perinatal, estratexia prioritaria da Administración sanitaria, representa para a educación maternal un dos seus instrumentos fundamentais, posto que demostrou que reduce o número de intervencións sistemáticas e innecesarias durante a xestación e o parto (13) e se realiza un menor número de cesáreas (14). Tamén se identificou que os neonatos de nais que acudiron á educación maternal establecen con maior frecuencia un contacto precoz pel con pel, con todos os beneficios que iso leva consigo, como a maior probabilidade de lactación ou unha maior conduta de apego materno (15).

Cómpre destacar que unha información inadecuada, pouco filtrada e actualizada ou de calidade insuficiente pode ocasionar unha ansiedade excesiva na muller que inflúa negativamente no seu estado emocional (16).

3.3. Situación actual e compoñentes do programa de educación maternal na provincia de Lugo












O 21 de marzo de 2013 régulase a estrutura organizativa de Xestión Integrada das áreas de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos (17), e establécese unha nova organización da xestión sanitaria, integrando nunha única nova entidade os distintos niveis existentes nese momento, mantendo o mapa sanitario da provincia de Lugo e as áreas sanitarias existentes. Ilústranse coa seguinte imaxe as estruturas que forman parte da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte.














Ilustración 1. Estrutura Organizativa da Xerencia de Xestión Integrada (EOXI) de Lugo, Cervo e Monforte. Fonte: SERGAS

A continuación, móstrase unha táboa actualizada (Táboa I) que expón o número de profesionais sanitarios de cada categoría que forma parte do persoal dos centros de saúde dos distintos concellos da provincia de Lugo (os concellos con matrona serán aqueles susceptibles de estudo, xa que é onde se ofertan os programas de educación maternal). Tamén se inclúe unha ilustración que mostra a dispersión xeográfica dos municipios (Ilustración 2).

Táboa 1. Capacitación de persoal sanitario da provincia de Lugo desglosado por especialización e Concellos. Fonte: SERGAS.

	Abadín	Alfoz	Antas de Ulla	Baleira	Baralla	Barreiros	Becebreá	Begonte*	Bóveda*	Burela	Carballedo*	Castro de Rei*	Castroverde	Cervantes*	Cervo*	Chantada	Corgo (O)	Cospello*	Folgoso do Courel*	Fonsagrada (A)	Foz	Friol	Guitiriz*	Guntín*	Incio (O)	Láncara	Lourenzá	Lugo*	Meira	Mondoñedo	Monforte de Lemos	Monterroso	Muras	Navia de Suarna	Negreira de Muñiz	Nogais (As)	Oural	Outeiro de Rei	
 MEDICO XERAL	3	2	3	2	3	3	3	3	2	8	3	5	2	3	3	6	4	5	2	5	8	3	5	3	2	3	2	64	2	4	12	3	1	1	1	2	1	3	
 ENFERMARIA	2	1	2	1	2	2	3	3	2	8	3	4	2	2	4	7	3	4	2	3	7	3	4	2	2	2	2	73	2	3	15	3	1	1	1	1	1	3	
 FUNCION ADMINISTRATIVA	1	1	1	1	2	1	2	2	2	4	1	2	1	1	2	4	2	2	2	1	4	2	2	1	1	2	1	29	1	2	7	1	1	1	0	1	1	1	
 PEDIATRIA	1	0	0	1	0	1	1	1	2	2	1	1	1	0	1	1	1	1	0	1	2	1	1	1	0	1	1	12	1	1	5	1	0	0	0	0	0	1	
 MATRONA	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	1	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	4	0	1	2	1	0	0	0	0	0	0	
 AUXILIAR ENFERMERIA	0	0	0	0	0	0	0	0	0	3	0	1	0	0	1	1	0	0	0	0	1	0	1	0	0	0	0	10	0	2	4	0	0	0	0	0	0	0	0
 ODONTOLOXIA	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0	0	0	1	1	0	1	0	0	0	0	5	0	0	2	0	0	0	0	0	0	0	0
 TRABALLO SOCIAL	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	6	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0
 FISIOTERAPIA	0	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	2	0	0	0	0	0	0	4	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0
 FARMACEUTICO-A	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	6	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0
 CELADOR	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0	1	0	0	4	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0

	Palas de Rei	Pantón	Paradela	Páramo (O)	Pastoriza (A)*	Pedrafita do Cebreiro	Pobra do Brollón	Pol	Pontenova (A)	Portomarín	Quiroga	Rábade	Ribadec	Ribas do Sil	Ribeira de Piquín	Riotorto	Samos	Sarria	Saviñao (O)*	Sober	Taboada	Trabada	Triacastela	Valadouro (O)	Vicedo (O)	Vilalba	Viveiro	Xermade	Xove	TOTAL
 MEDICO XERAL	4	4	2	2	4	1	2	3	3	2	3	1	7	1	1	2	3	10	4	4	3	2	1	2	2	11	10	2	2	286
 ENFERMARIA	3	2	2	1	3	1	2	1	2	1	3	1	8	1	1	1	2	11	4	2	2	1	1	1	2	10	12	2	2	271
 FUNCION ADMINISTRATIVA	2	2	1	1	1	1	2	1	1	1	1	1	2	1	1	1	1	6	2	2	1	1	1	1	5	4	1	2	141	
 PEDIATRIA	1	0	0	0	1	0	1	0	0	0	1	1	2	0	0	0	0	4	1	0	1	0	0	0	0	3	3	0	3	67
 MATRONA	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	2	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0	0	18
 AUXILIAR ENFERMERIA	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0	3	0	0	0	0	0	0	0	2	3	0	0	34
 ODONTOLOXIA	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0	0	17
 TRABALLO SOCIAL	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0	0	13
 FISIOTERAPIA	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	2	0	0	0	0	0	0	0	2	1	0	0	16
 FARMACEUTICO-A	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0	0	13
 CELADOR	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	3	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	1	0	0	14

(*) Indica que ese Concello presenta máis dun centro de saúde/consultorio. O resultado móstrase como o total de persoal desa categoría no municipio.



Ilustración 2. Localización dos concellos da provincia de Lugo, aparecen rodeados cun círculo azul aqueles que posúen matrona de Atención Primaria e cun cadrado vermello os hospitais que contan con matronas de Atención Especializada (Servizo de Partos). Fonte: SERGAS

A poboación de mulleres en Lugo segundo o Padrón por provincias do ano 2016 do Instituto Nacional de Estatística (INE) é de 173373 persoas. Destas mulleres, 66959 atópanse en idade fértil (entre os 15 e os 49 anos) (18).

Táboa II. Informe de estatísticas territoriais

	Data	Galicia	Lugo
Padrón: poboación total (mulleres)	2016	1.408.716	173.373
Taxa Bruta de Natalidade (nados por mil habitantes)	2015	7,13	6,45
Taxa de Fecundidade (nados por mil mulleres)	2015	33,02	32,28

Fonte: Padrón municipal de habitantes. INE. 2016

Para orientarnos sobre o número de persoas susceptibles de participar no programa de educación maternal, cómpre saber o número de partos da provincia, que no ano 2014 foi de 2100 nacementos (19).

No noso medio, o programa de educación maternal é levado a cabo pola matrona de Atención Primaria tendo como programa de referencia a *Guía técnica do proceso de educación maternal prenatal e posnatal* do Plan de atención integral á saúde da muller (20). Este programa está recollido na carteira de servizos que oferta o sistema sanitario público á muller xestante dentro do proceso asistencial integrado de embarazo, parto e puerperio da Xunta de Galicia. O programa impártese en distintas sesións teórico-prácticas, orientadas á preparación e recuperación da xestante e/ou parella. A educación en grupo realizarase en tres momentos diferentes:

- ✓ Primeiro trimestre de xestación: sesión teórica.
- ✓ Terceiro trimestre de xestación: iníciase ao redor da semana 28. Consta de dez sesións teórico-prácticas, a razón dunha sesión semanal de 120 minutos de duración. As sesións desenvólvense a través dunha metodoloxía activo-participativa, alternando exposicións teóricas con exercicios e dinámicas de grupo, buscando en todo momento a participación das persoas asistentes.

- ✓ Posparto: iníciase cando a muller se sinta recuperada, (aconséllase a partir da cuarta semana posparto). A duración é de oito sesións impartidas semanalmente cunha duración de 90 minutos coa seguinte distribución: media hora para realizar a masaxe do bebé, media hora para realizar os exercicios de recuperación física posparto e media hora para impartir contidos teóricos.

Recoméndase como número máximo de participantes, en todos os grupos, doce mulleres cos seus acompañantes.

No noso estudo, avaliaremos a satisfacción percibida nas sesións do terceiro trimestre de xestación ou fase II, xa que temos constancia de que estas sesións se imparten en toda a provincia de Lugo, non así as sesións correspondentes ao primeiro trimestre e ao grupo de posparto.

A continuación, móstrase o fluxograma en que se divide o programa (Ilustración 3).




Ilustración 3. Fluxograma do proceso xeral. Fonte: SERGAS

4. XUSTIFICACIÓN

Dentro do Plan de Atención Integral á Saúde da Muller, atopamos a *Guía técnica do proceso de educación maternal prenatal e posnatal* (20), publicada hai nove anos polo SERGAS, a cal forma parte do proxecto de mellora da educación maternal. Os obxectivos desta guía son diminuír a variabilidade na prestación do servizo do programa de EM, homoxeneizando por tanto as actuacións sanitarias en todo o Sistema Sanitario Público de Galicia e fornecer os diferentes centros de Atención Primaria dunha estrutura básica de actuación á hora de planificar o proceso asistencial específico. Un dos obstáculos que atopamos no programa de educación maternal é que, a pesar de existir a guía técnica (na que se indican as sesións, os contidos, os obxectivos, a metodoloxía, os recursos que se utilizan e a avaliación posterior), se puido comprobar *in situ* a variabilidade con que a matrona encargada de dito programa o desenvolvía dependendo do centro sanitario no que se impartisen as clases de educación maternal.

Na actualidade, os programas de educación maternal deberían ser modificados e adecuados ás necesidades, expectativas e diferenzas das persoas que acoden a eles e que son as principais protagonistas, non ser procesos pechados onde a aprendizaxe estea pautada. Así mesmo, para optimizar o resultado dos programas, os compoñentes da educación maternal deberían estar orientados a cumprir uns obxectivos, os cales deberían ser establecidos de forma que puidesen dar resposta ás necesidades identificadas e ás expectativas da muller e da súa parella. O verdadeiramente importante na educación para a saúde non é que a persoa saiba moito, senón que se comporte de maneira distinta. A educación maternal móstrase efectiva cando se realiza de maneira participativa e bidireccional. De feito, e ante a situación actual do programa de educación, diversos estudos (21,22) recomendan un redeseño e unha avaliación do programa de EM e aconsellan novas estratexias e enfoques pedagóxicos. Nas últimas investigacións

internacionais (23,24) e nacionais (7,25) maniféstase a necesidade de investigar na avaliación destes programas. A falta de estudos sobre a calidade do programa xustifica o deseño dunha liña de investigación da que se poderían beneficiar os profesionais que realizan a intervención, os xestores que organizan e distribúen os recursos e, por suposto, toda a poboación susceptible de recibir unha intervención sanitaria de maior calidade. Ademais, correspóndenos a nós como matronas, axustar os contidos e a metodoloxía utilizada para adaptar os programas de EM ás novas demandas da sociedade.

Por último, este traballo pretende tamén responder ao último punto da guía técnica (sistema de avaliación e mellora do proceso asistencial), no cal se especifica que o responsable do programa deberá efectuar medicións do grao de satisfacción da atención prestada.

5. HIPÓTESE

O programa de educación maternal non cumpre coas expectativas da usuaria e do seu acompañante, os temas non se tratan segundo as últimas recomendacións e a evidencia científica dispoñible e isto supón unha baixa adherencia aos programas.

6. OBXECTIVOS

6.1. Obxectivo xeral

O obxectivo deste traballo é analizar a satisfacción percibida pola xestante e os seus acompañantes en relación co contido das sesións do terceiro trimestre de xestación do programa de EM, así como a súa utilidade respecto ao proceso de embarazo, parto e posparto.

6.2. Obxectivos específicos

- ✓ Identificar as principais carencias / puntos fortes do programa actual.

- ✓ Detectar variacións metodolóxicas entre centros de saúde e relacionalas coa satisfacción percibida.

7. METODOLOXÍA

7.1. Estratexia de busca bibliográfica

Co obxectivo de obter a información máis actualizada sobre o tema de estudo, levouse a cabo unha busca bibliográfica durante os meses de marzo, abril e maio de 2017. Esta busca foi realizada nas principais bases de datos do ámbito das Ciencias da Saúde. Esta estratexia pódese consultar no ANEXO I.

7.2. Ámbito de estudo

O estudo levarase a cabo nos centros de saúde da provincia de Lugo que oferten o programa de EM.

7.3. Período de estudo

O período de estudo desenvolverase desde abril de 2017 a agosto de 2018. O período de recollida de cuestionarios abarca desde outubro do 2017 ata xaneiro de 2018.

7.4. Tipo de estudo

Estudo observacional, descritivo e transversal.

7.5. Criterios de inclusión e exclusión

Incluiranse no estudo aquelas parellas que cumpran os seguintes requisitos:

- ✓ Asistencia a un mínimo de catro sesións do programa.
- ✓ Lectura da folla informativa do proxecto de investigación.
- ✓ Desexo de participar no estudo e consentimento informado.

- ✓ Cubrir o cuestionario.

Como criterio de exclusión teríamos o seguinte:

- ✓ Non aceptar participar no estudo.

7.6. Selección da mostra

Todas as persoas que asistan ás clases de EM nun centro de saúde público da provincia de Lugo, que ademais cumpran cos criterios de inclusión e desexen participar.

7.7. Tamaño mostral

Estímase o seguinte número de participantes (cifras calculadas en función do número de asistentes os anos anteriores):

Táboa III. Tamaño mostral

	Nº xestantes	Nº acompañantes		Nº xestantes	Nº acompañantes
C.S. Barreiros	7	3	C.S. Mondoñedo	7	4
C.S. Becerreá	6	2	C.S. Monterroso	9	4
C.S. Chantada	8	2	C.S. Monforte	11	6
C.S. Castro de Rei	6	3	C.S. Palas de Rei	8	3
C.S. San Roque*	10	5	C.S. Ribadeo	4	0
C.S. Fingoi*	16	11	C.S. Sarria	10	6
C.S. Illas Canarias*	9	4	C.S. Vilalba	7	2
C.S. Pza.Ferrol*	10	5	C.S. Viveiro	5	1
			TOTAL	61	26
			(*) Pertencen a Lugo capital		

Obtemos 61 xestantes e 26 acompañantes, como o período de recollida de cuestionarios se prolonga catro meses, daríanos tempo a recoller

enquisas de dous/tres grupos de cada centro de saúde. De acordo con isto, a mostra final estaría constituída por 150 xestantes e 60 acompañantes aproximadamente.

7.8. Descrición do estudo

O estudo realizarase con metodoloxía cuantitativa, de carácter descritiva e transversal. Tras aceptar participar no estudo, proporcionaráselles ás usuarias unha folla de información (ANEXO II) e o consentimento informado (ANEXO III). Unha vez resoltas todas as dúbidas que expoña e coa sinatura do consentimento, será incluída no estudo. Para recoller os datos, utilizaremos o cuestionario *EDUMA2* (26) (ANEXO VI), que avalía a calidade do programa en canto a efectividade, funcionalidade, eficacia e impacto inmediato mediante un total de 56 ítems agrupados en 7 dimensións: datos do grupo, asistente, organización, metodoloxía, aprendizaxe, satisfacción, valoración e mellora das sesións. Os cuestionarios serán entregados vía correo electrónico ás matronas colaboradoras dos Centros de Saúde, que serán as que os repartan en formato papel nas clases de educación maternal cando o grupo leve, como mínimo, catro sesións. Unha vez cubertos, serán devoltos nun sobre pechado por correo certificado á investigadora principal.

7.9. Medicións

Para recoller os datos utilizarase o cuestionario *EDUMA2* (ANEXO VI). Recolleranse as variables que figuran a continuación de cada unha das persoas participantes.

7.9.1. Variables sociodemográficas

Persoa que cobre a enquisa: xestante / acompañante / parella varón / parella muller.

Idade: 10-20-30-40-50-60-70-80-90

Parella estable: SI / NON

Nivel de estudos: sen estudos / ensino obrigatorio/ bacharelato ou FP / diplomatura / grao / licenciatura / mestrado / doutoramento.

Nacionalidade: España / Europa / América N / América C y S / Asia / África N / África C e S / Oceanía

Situación laboral da xestante: sen traballo e con paro / sen traballo e sen paro / contrato eventual / contrato fixo

Situación laboral da súa parella: sen traballo e con paro / sen traballo e sen paro / contrato eventual / contrato fixo.

Semana de captación da xestación no Centro de Saúde: <15 / 16 a 24 / 25 a 28 / 29 a 32 / >33

Número de fillos previos: 0 / 1 / 2 ou máis

7.9.2. Variables que avalían o programa de educación maternal

Son oito variables que fan referencia á organización propiamente dita (preguntas 11 a 18 do cuestionario), tres variables de profesorado (preguntas 19 a 21 do cuestionario) e sete relacionadas coa metodoloxía (preguntas 22 a 28 do cuestionario). Nelas solicítaselles ás persoas asistentes que avalíen o funcionamento dos diferentes ítems nunha escala de 1 a 10, onde 1 representa o valor menor e 10, o maior.

7.9.3. Variables que avalían a aprendizaxe que se logra co programa

Son as variables das dimensións de coñecemento de coidados, coñecemento das técnicas de apoio, sensación de control (seguridade) e de relación afectiva positiva co bebé, que corresponden no cuestionario ás preguntas do número 32 ao número 47. En todas elas, pregúntase a percepción que se tiña previa ao programa e a que se ten despois do programa (nulo / escaso / medio /alto - moi insegura / insegura / segura / moi segura).

7.9.4. Variables que avalían a satisfacción percibida

É a última parte do cuestionario, son tres variables que fan referencia á satisfacción (pregunta 48 a 50 do cuestionario) e tres variables de valoración e mellora das sesións (pregunta 51 a 53 do cuestionario), as persoas asistentes deben marcar a súa resposta nunha escala de 1 a 10, onde 1 representa o valor menor e 10, o maior. Por último, atopamos a pregunta de suxestións ou queixas que é de resposta libre.

7.10. Análise estatística

7.10.1. Análise descritiva

Levarase a cabo unha análise descritiva das variables sociodemográficas do estudo. As variables cualitativas expresaranse como valor absoluto (n) e porcentaxe e as variables cuantitativas como media e desviación típica.

7.10.2. Análise da satisfacción

Estudaremos a existencia de diferenzas entre xestantes e acompañantes no nivel de satisfacción percibido, así como as posibles diferenzas entre cada un destes grupos na satisfacción en función da idade, nacionalidade, nivel de estudos, situación laboral actual e , cando o cuestionario estea cuberto pola embarazada, tamén analizaremos o grao de satisfacción percibido en función de se a xestante recibía ou non apoio, multiparidade/nuliparidade e se tiña parella estable.

Para determinar a asociación entre variables cualitativas utilizaremos o estatístico chi cadrado, para a comparación de parámetros numéricos entre grupos o test da *t de Student*, a *U de Mann-Witney* ou *Kruskal-Wallis* en función da natureza das variables e da normalidade dos datos. A análise da normalidade realizarase mediante o test de *Kolmogorov-Smirnov*.

Para todas as estimacións asumiremos unha significación estatística do 5% ($P=0.05$). As análises estatísticas realizáremolas mediante o programa estatístico R Commander.

7.11. Limitacións do estudo

As principais limitacións da investigación son que na enquisa unicamente están incluídos elementos de valoración do impacto inmediato (isto é debido a que o cuestionario se administra ao finalizar a impartición do programa); é dicir, quedaría por estudar os resultados de impacto sociosanitario a medio e longo prazo (valorar tras o parto resultados de morbi-mortalidade materna e neonatal e a satisfacción relacionada coa vivencia do nacemento e do puerperio).

7.11.1. Sesgos de selección

Os sesgos de selección veñen derivados dos criterios de inclusión e exclusión establecidos (un/unha usuaria pouco satisfeito/a tenderá a non seguir acudindo). Para tratar de os minimizar, intentámolo compensar cun criterio de inclusión máis amplo e serán invitadas a participar na investigación a todas as usuarias das clases de EM e os seus acompañantes durante o período de estudo.

7.11.2. Sesgos de información

